

*Testamento*

*do*

*Burro do Recarí*

Laza, 28 de Fevereiro do 2006

## O BURRO DO RECARI

(Entroido 2006)

Nun barrio chamado a Rúa  
Que está moi preto de aquí  
Pasou algo que contar  
Na casa do Recarí.

O burro do Serafín  
Atopóuselle moi malo  
Ó coitado do animal  
Deulle en pelar o rabo.

Bicho tan bo nunca vin,  
Orelludo e degallado,  
Cinco patas contando a gaita,  
E pro traballo como un “venado”.

Pero o Suso foi mercar  
Unha besta a Arcucelos  
E dende que a trouxo pra casa  
Ó burro enfermou cos celos.

Empezoulle a caer o pelo,  
Entón logo dixo o Motiña,  
Ou foi a perruquería  
Ou senón tenvos a tiña.

O burro desapareceu  
Da noite cara a maña  
E funme enterar eu  
De pura casualidad.

Aínda tiña o corpo quente  
O coitado do finado  
E entre todos xa lle habían  
O futuro destinado.

Díxolle a Teresa ó Suso,  
Tú aí quieto parado,  
Que o tema este do burro  
Arranxo eu de contado.

Lavámolo cara o forno  
Sen que ninguén saiba nada  
Adobo ben con pingo  
E meto nunha empanada.

O Xe Lois tamén pensou,  
Marcho con el cara Toro  
Que co frío cáelle o pelo  
E despois sáelle outro novo.

O chegar a primavera  
Baixo para arar o souto,  
Cando o vexan han dicir  
Aí está o rei do Couto.

O José Portuguesiño  
Deu a mellor solución  
Levámolo a Portugal  
Facerlle a liposubción.

“Caguinños” díxolle ó Suso,  
Non o saques do curral  
Que temos aquí unha mina  
Co carallo do animal.

Facémoslle un par de leeftings,  
Unha boa cura de sono,  
Presentámolo a ministro  
E vaise enterar o Bono.

O Aznar co bigote teso,  
O Zapatero coa cella arqueada  
Ó lado do noso burro  
Estes non “fasian” nada.

Por que xa o di o refrán,  
Un burro de libros cargado  
Non parece un animal  
Asemella un avogado.

O José por ir de fino  
Xa lle tiña empaquetados  
Os libros do Ismael  
Cando estaba en parvularios.

Foi o Luís do Pelona  
Quen primeiro apareceu  
E dixo, si hai que levalo  
O carro poño eu.

Tamén vos veu o delfín  
Ó enterarse da movida  
Arrancou desde Verín,  
Apraceu de seguida.

Aquí te acompaño Suso  
No mais grande sentimento  
Vai sacando unhas copiñas  
Que xa se fodeu o invento.

Outro que veu en axuda  
Foi o Juan Luís do Tores,  
E a corda do ramal  
Enroscóuselle nos pes.

Carallo! saltou o Juanlu  
Este non vos era o trato,  
Pois case acompaña ó burro  
Ó metelo pro burato.

Agora antes de collelo  
E de picalo en talladas  
Vouvos contar que este ano  
Houbo moitas caralladas.

-----

E non vos destes de conta?  
Galicia mudou de goberno  
Recoño, entón pensabades  
Que don Manuel era eterno.

Co que me gustaba o Fraga,  
Con ese porte e talante,  
Abaneándose para os lados  
Parecía unha ponte colgante.

Seica o vou votar de menos  
Pois un día de escapada  
Aínda que non o creades  
Invitoume a unha queimada.

Como a cousa era de noite  
E todos gatos son “parvos”,  
Eu en troques compañeiros  
Inviteino a uns “biosbardos”.

Agora temos aí un  
Que non o sei catalogar  
Como lle chaman Touriño  
Igual lle da por escornar.

Pois que o manden cara aquí  
Que lle aten ben o pelo  
E votámoslo no “ruedo”  
Á torera de Arcucelos.

A cousa ha de ser o mesmo  
Senón xa me contaredes  
Como levan pouco tempo  
Aínda están nos entremeses.

Non che han de tardar moito  
Para empezar co jaleo,  
Cando veña o primeiro prato  
Xa estará o macuto cheo.

Para repartir as consellerías  
A que alí houberon armado,  
Pois si falaran comigo  
Arranxábalo de contado.

A consellería de pesca  
Ía ser para un amigo meu  
E quen mais sabe de pescado  
É o Sr Eliseo.

A de información e turismo  
Cústame ben repartila  
Sería para o Couquela,  
E o Rodas de Cimadevila.

A consellería da muller  
Non a dou pois vaia tela  
Quen vería correr ós homes  
Vinte cans para unha cadela.

Para conselleiro de traballo  
Non hai dubida, este é o plan,  
O que mais se presta pra eso  
É o Toni do Catalán.

A consellería das quinielas  
Axudicoa sen récelo  
Para que non me chamen machista  
Tería que ser para a Consuelo.

Entón ó Pepe Cachelo,  
O único que fai a seitura  
Creo que merece ser  
Conselleiro de agricultura.

Pra de cultura e deportes  
Teño aí un par moi fino,  
Sería pro Toño do Bragas,  
E tamén pro Severino.

Busquei alguén pra de industria  
Pro ninguén quixo saber  
Mandeille recado ó Alcalde  
Pero escapou a correr.

Pero... a de sanidade,  
Raio, queríana todos  
Por conseguir a viagra  
Votábanse a min coma lobos.

Quédame aínda por dar,  
A consellería de fomento,  
Esa pro José do Chancas  
Que para eso vende o cemento.

-----

Estamos como queremos  
Arre macho!! Decía o Lili,  
O choio da telefonía  
Tamén chegou ata aquí.

Anda todo días con eso  
Rapaces e rapaciñas,  
Por que os teléfonos móbiles  
Xa os votan á rapaíñas.

Si alguén non o tivera  
Parece que o miran mal  
- Mira, ese non ten móbil,  
váíase se será animal.

Alventei ó Rubes con un,  
Díxenlle, e logo pra que o queres?  
Carallo, pra que vai ser,  
Para chamar ás mulleres.

Calquera día, xa o estou vendo,  
O terror de todos os “clubes”,  
Seis noventa oito cuarenta,  
Telefono caliente de Rubes.

Outro que anda co móbil  
Évos o Zoilo, o Toño,  
Pero non o entende ben  
E armase un folión do coño.

Vai falar ó curral  
Por que non ten cobertura  
A xente que escoita ó pasar  
Pensan que fala coa burra.

Tamén o Milo de Chinca  
Non perdeu ocasión  
Leva un móbil moi bo  
De ultima xeración.

Ó principio tivo problemas  
Pra aprender a manexalo  
Estampábao contra a parede  
Pra encendelo e apagalo.

Metíalle cada bourazo  
Que lle saltaba os fusibles  
Menos mal que alá a Rosita  
Lle mandou un saco deles.

Hanse xuntar entre os tres  
E inda han de pelexar,  
Que si eu son de amena  
Que si eu de movistar.

Que si tal e que si cal,  
Non me toques los “cojone”  
Nin Movistar nin Amena,  
O mellor é Vodafone.

Pois entonces digo eu,  
O Rubes será de Amena  
Por eso de falar coas nenas.  
O Zoilo de Movistar  
Por que sempre está no bar.  
O Milo de Vodafon  
A de ser por o collón.  
E hai quen é de “manos libres”  
Que nin falas nin recibes.

-----

As mulleres andan dañadas  
Con isto de non fumar,  
Antes chupaban do pito  
E agora non poden chupar.

Deste xeito entón os homes  
Non se poderán queixar  
Si chupaban do cigarro  
A ver o que van chupar.

Aí tedes ó Pi do Coco  
Que fumaba como un carreteiro,  
E o que non puido conseguir un medico  
Conseguíuno un Zapateiro.

Con eso da nova lei  
Para fumar un pitíño  
Non podes andar con bromas,  
Tes que saír ó camiño.

Todo díos comete erros,  
Ser mal pensado non quero  
Pro o primeiro que fallou  
Foi o Sr Zapatero.

Dende logo compañeiros  
Este si que ha fixo boa  
Alá lle deu por fumar  
Traballando na Moncloa.

Entrou de súpeto o Rajoy  
E díxolle, Zapa que fas?  
Púes yo estaba fumando  
Pero Artur Mas.

-----

Teño unha nova moi boa  
Que ninguén se imaxina,  
O Ñuco de Souteliño  
Trae preñada á Isolina.

Así como volo conto  
Marchou con ela ó doutor  
Por que lle inchou a barriga  
E tiña moito dolor.

Díxome a min o Ñuco,  
Estará mal que o conte  
Pero o día do folión  
Voteille catro na noite.

Cando a sinto no curral  
Baixo e dígolle, agacha,  
De repente ponse brava  
Entón carallo, recacha.

Arnejado sexa o demo  
Este home non ten cura,  
Que non é a Isolina,  
A quen montas era á burra.

-----

O cura don Luis Romero  
Estanos feito un cabrito  
Para probar a nosa fe  
Cambia os santos de sitio.

A xente entra na igrexa  
Ouveando de aquí pra la  
E murmuran entre as vellas  
Hoxe que nos faltará?

Logo se deron de conta  
De que a virxe non estaba  
Nin San Pedro coas chaves  
Nin San Miguel coa espada.

El dixo para tranquilizalas,  
Como a igrexa está moi fría  
Para que non ateceran  
Metinos na sancristía.

Deulle traballo ós santos  
Mirade si é boa peza  
Á virxe da dolorosa  
Tena facendo a limpeza.

Agora a xente murmura  
Nas conversas da cociña  
Que hai quen ten visto a San Xoán  
De noite velando a viña.

Si o conto é como din  
Estes vicios son moi caros  
Calquera día colle ó San Roque  
E pono de espanta paxaros.

Para darlles no fociño  
O cura que é moi listo  
Foi e escondeulle as cortinas  
Do altar do Santo Cristo.

Elas foron preguntarlle  
Ó saír do novenario,  
As cortinas onde están?  
Téñoas eu no campanario.

Son o ministro de cristo,  
Fago o que me da a gana,  
A ver si agarro as cortinas  
Pra poñelas de sotana.

Algunha aínda vai dicindo,  
Como ande con estas modas  
Á saída do rosario  
Violámolo entre todas.

As mulleres son o demo,  
E non terán mala fe?  
Pensar que vende os santos  
Para ir tomar café.

Di o cura, vaites, vaites  
Viúvas, solteiras, casadas,  
Dios nos libre de estas lobas  
Sonche ben desconfiadas.

-----  
Aparecen todas xuntas  
Terémonos que velar  
Primeiro coas vacas locas  
E agora a gripe aviar.

Este asunto compañeiros  
Non o acabo de entender,  
Como “El pollo” non se come  
E “A Poll..” a femia pódese comer?

Aquí levamos un bo susto  
A cousa non foi de broma  
Pasou na casa da Lola  
E do Ricardo Pelona.

Á Elvira de Vilamea  
Unha pita lle compraron  
A pita estaba chocosa  
E carallo, a que alí armaron.

Puxéronse todos malos  
Marcharon cara o hospital  
Proba aquí e proba alá  
Non lle acertaban co mal.

Entón saltou o Pelona  
Ó ver aquelas movidas,  
A min coñécenme en Laza  
Por o home das sete vidas.

Espeteime co tractor,  
Caín de catro colmados,  
E alá na ponte do couto  
Deixei os dentes marcados.

Entón déixeme tranquilo  
Non me amole señorita  
Se con esto non morrín,  
Vaime matar unha pita?

Do outro lado da padiola  
Asentía coa cabeza a Lola,  
Como pode ver doutor  
Cando ven unha non ven sola.

-----  
Empezo coas reparticións  
Antes de que quede ronco,  
E ó primeiro que lle dou  
Vai ser ó Sixto Cachoupo.

Coa súa moza Isolina  
De lúa de mel marchou  
Tanto darlle a manivela  
Que o pobre ata se herniou.

Agora con eso da hernia  
O home di que anda malo,  
A culpa tena a Isolina  
Que o fai montar a cabalo.

Pero seica lle di ela,  
Como non te recuperes  
Vou buscar un sexy-boy  
Para que me faga os deberes.

Recarallo dixo o Sixto,  
Esta nunca se ve farta  
Pois enchufo a hernia para dentro  
E relincho si fai falta.

Aténdeme ben Cachoupo  
Pro cacho que che vou dar  
Levaras entón a albarda  
Para que podas cabalgar.

E así desa maneira  
Ó meter o pé na espuela  
Nin te has de mancar ti  
Nin tampouco a mancas a ela.

-----  
Dixo o meu primo Ramón  
Ai por díos non diga nada,  
Pois non quere que se saiba  
Que trae a muller preñada.

Non te apures compañeiro  
Que non vou a ser tan ruín  
Hanse enterar por calquera  
Pero non ha ser por min.

Ademais, non é pecado  
Que che estea a muller gordiña  
O problema si que sería  
Que a preñada fora a miña.

Ou é como un semental,  
Ou foi logo un fallo humano  
Pro vai dicindo o lambón,  
Pra dous que boto no ano!!

Ó Toñito do Cachuco  
E ó José María do Caparrós  
Tamén tiveron familia,  
Pois entran nas reparticións.

A estes tres que lles vou dar?  
Que o diga non fai falta  
Xa vos daredes de conta  
De que van levar a gaita.

Que lle aten ben apunta  
Por que vendo a cousa así  
Se seguen facendo fillos  
Non imos coller aquí.

Agora estarán pensando,  
Que dirá este individuo,  
Sempre vai ter que falar  
Un roto dun descosido.

-----  
Ó Loliño do Ardillas  
Doulle as dúas patas de adiante  
Por sacarlle o posto ó Cheto  
Agora meteuse tratante.

Tróuxolle unha besta ó Suso,  
Tamén trouxo un cabaliño  
Pero como recachaba  
Foi e vendeullo ó Herminio.

Agora anda vacilando  
De que é moi bo matachín  
Vai dicindo que coa espada  
É mellor que o Jesulin.

Cando se arrima ó porco  
E lle mete a estocada  
Nin o mesmo Cordobés  
Lla espeta tan ben espetada.

Menos mal que di que é bo  
Pois na casa da Benitiña  
Acabou de sangrar o porco  
E escapoulle cara a viña.

Mentres el lles explicaba.  
Como poden estar vendo...  
Carallo, díos nos perdoe,  
Saíu o porco correndo.

Ó ver aquilo o Morañas  
Empezou a rirse dil  
E díxolle, entón Loliño  
Imos buscar o fusil?

-----  
O Fernández de Cimadevila  
Por levar non leva nada  
Que lle pariu a cadela  
E trouxo una boa camada.

Veume contar o Carroucas  
Na festa de Cerdedelo  
Que agora anda pescudando  
Quen é o pai dos cadelos.

Alá vai por toda a Roda  
Ouveando como un perdido  
Mirándolle a cara ós cas  
Buscándolle o parecido.

Díxolle o Paco Barbeiro,  
Para min escusas mirar  
Que neso son inocente,  
Levo tempo sen mollar.

A culpa foi da muller  
Que non a tiña prendida  
Escapou a coitadiña  
Por que estaba moi saída.

E despois desconsolada  
A pobre dicía chorando  
Preñó igual que la Virgen,  
por obra del espíritu Santo!

De coiro de vaca vella  
Tiña feito o cabeceiro  
Para que non se desenfree  
Doullo ó Miro Ceboleiro.

Sempre andaba rousa, rousa  
Nunca quixo o Peliqueiro  
Seica lle di a muller  
Agora de vello gaiteiro.

Contáronme que o Manolito  
Lle ensinou a posturiña,  
Así mentres practicaba  
Librouse de cavar na viña.

Puxo a estrea como un lobo  
Nin o pensou un momento  
E fixo vir ós cuñados  
Para ver o acontecemento.

A Roda e a Carretera  
Saíron en pleno a velo  
A Rosita dicía chorando  
Aínda non sei si crelo.

A pantalla tena boa,  
E correr, todo o que queiras,  
Pro carallo, no estiliño  
Recordoume ó Edelmiro das Eiras.

-----  
Ós que lle plantan o monte  
Dáballes... ben sei o que  
Con unha estaca no lombo  
E no cu un puntapé.

Ós de protección civil,  
E ó reten apagalume  
Levan o rabo do burro  
Para que abaniquen o fume.

Cando acaban a xornada  
Van para a casa feito un cristo  
E todo por un desgraciado  
Que tirou no monte un misto.

Levan a camisa negra  
Como di ben a canción  
E senón xa o veredes,  
Veña musica e acción.

*Teño, teño a camisa negra  
De tanto apagar no lume  
Cando marchou cara a casa  
Sempre vou cheirando a fume.*

*Camon, camon, camon baby  
Digo eu con disimulo  
Os que lle plantan ó monte  
Que vaian tomar por ....*

*Mentres arde no monte  
O reten soliño  
Non chegan as avionetas  
Vamos apagar no lume  
Todos abaixo as braguetas.*

*Temos, temos a camisa negra,  
Vai cantando o Cardolas,  
De tanto mexar no lume  
Xa nos doen a miringolas.*

-----  
Agora que me recordo  
Antes que me despiste  
Teño que darlle un anaco  
Para o Luís, o Luís do Chiste.

Tivo unha perda moi grande  
Co desgusto púxose malo  
Morreulle dunha atacada  
Catorce pitas e un galo.

Malo raio que o parta  
Mirade si é barracel,  
Bañou ás pitas en veneno  
Por que llo mandou a Bel.

Non é que o diga eu  
É que o pon o “prospeuto”,  
Nun barreño con veneno  
Meta “uste” as pitas dentro.

Si o piollo é abundante  
Colla na man unha esponxa  
E aplíquelle o veneno  
Á galiña por a gorxa.

Pra saber si fixo efecto  
Déalle un leve choucoleo  
A pita caera redonda  
Como si lle dera un mareo.

Observe o animal fixamente  
Si ás dúas horas non espertou  
Eso es síntoma inequívoco  
De que aí algo fallou.

Si so é un bicho, nada,  
Pero si son dous ou varios  
Lea con detemento  
Os efectos secundarios.

Que ve que non se levanta,  
Entón diríxase á porta  
Colla unha aixada de seguida  
Pra ir a enterrala á horta.

Busque unha hora propicia,  
Preferible ó escurecer  
Que non se entere nin cristo,  
Moito menos a muller.

Entrar na casa asubiando  
Escondese tras do biombo  
Por si enriba de perder as pitas  
Tamén lle untan o lombo.

-----  
Arrimado por aí  
Ha de andar o Sixtiño  
Que se veu aconchegando  
A ver si lambía un cachiño.

Levará un anaco grande  
E boa falta lle fará  
Que tivo que matar o cabalo  
Pra facerlle o casorio ó rapaz.

E despois ía dicindo  
- Esta carne que ben senta,  
coman señores, coman,  
Entrecot a la pimienta.

Non remata aí o conto,  
Nin lle vou por mala fama,  
A noite antes do casorio  
Marchou quente cara a cama.

Ca “mangueira” que apañou  
Despois da noite de farra  
Non atinou co calzón  
E puxo as bragas da Sara.

-----  
Falando dos chanfurrilas  
Non se me escapa o Modesto  
Que este ano compañeiros  
Tamén ten algún sinistro.

Recortoulle a paga ós fillos,  
Isto si que manda tela,  
E alá marchou pra Verín  
Pro hospital coa cadela.

E logo que é o que lle pasa?  
Nada, que andou ó sol,  
Agora ten ácido úrico  
E seiscentos de colesterol.

O caso estavos curioso  
Mirade se é animal  
Quería que a operación  
Lle entrara na Seguridade Social.

Despois que non me proteste  
Doulle as orellas da feito  
Que é un cacho dos mellores  
E tamén de moi bo xeito.

O Modesto e o Sixtiño,  
A Bel co raio das pitas,  
Este ano a metade do burro  
Xa o levan os Chanfurrilas.

-----  
Ó Cardito do Correo  
Acabámoslle o xastré  
Entón heille dar un cacho  
Pero aínda non sei que.

El fai licor de castañas  
El fai licor de “manzana”  
El fai licor de “morojos”  
E fai licor de almorrana.

O que lle poñan diante  
Non lle da ningún temor  
Agarrase á “Mariana”  
Nun plis-plas faiche licor.

Non vos falo de mentira  
Que me dixo a Marujita  
Agora empeñouse en facer  
Licor de caldo de pita.

Sacounos vinte botellas  
E deixámolo sen nada  
Pra axudarlle entón na perda  
Aí lle vai a papada.

E si ves que non é moito  
Toma logo as angarelas  
Pra que apañes a augardente  
E non canses as costelas.

As xentes de Souteliño  
Pro Entroido non teñen freno  
Tería que darlle un anaco  
E que non fora pequeno.

Tiña as costelas gardadas  
Que dan moito que comer  
Pro si penso en darlles eso  
Escalázame a muller.

Por que houbo catro monos  
Que xa lle foron contando  
Que cando estaba solteiro  
Andei por alí roldando.

Anque fora un anaquiño  
Ben volo quixera dar  
Por culpa deses bocazas  
Quedaredes a asubiar.

Hei de entregar os miolos  
Pro teño que dicir primeiro  
Que aquí quen mais os merece  
Es o Benito Cereixeiro.

Marchou cara Santiago  
Alá por o mes de abril  
Foi aparcar o coche  
E logo con daba co-il.

Andaban todos buscando  
Xa era ó escurecer  
E despois non aparecía  
Nin o coche nin a muller.

Preguntoulle a policía,  
A quen buscamos primeiro?  
Ó coche, dixo o Benito,  
Que custou moito diñeiro.

-----  
Aí tedes ás mulleres rurais  
Non vos andan con bromas  
Metéronse a mercar  
A casa dos Barcelonas.

Tivérona que arranxar,  
Que sorpresa cando entraron  
Seica estaba chea de cousas  
Jasus o que alí atoparon.

Un refaixo da Eufrasia  
Do Tino uns calcetíns  
Os teteiros da Milagros  
E uns condóns do Luís.

Dixo a Manola do Criez  
Vou á casa de contado  
Que cando llo conte ó Lolo  
Vai quedar alucinado.

Pra que diaño quería  
O Luís os preservativos?  
Sería para encher chourizo,  
Non lle vexo outro motivo

Foron todos ouvear  
Dixo o Lolo, está calada,  
Menos mal que non os usou  
Que tiñan a punta furada.

Serían cousas da Eufrasia  
Pra buscarlle descendencia  
Por que así xa tiña alguén  
A quen deixarlle a herencia.

-----  
O burro vía moi ben  
Anque non tiña bo pelo  
Pois un ollo voullo dar  
Pro cura de Cerdedelo.

Se un é para Don Odilo  
Entonces me cago en dez,  
O outro non ten mais remedio  
Que ser pro silvano de Trez.

Que haxa xente que dubida  
Dos milagres del señor  
Pois se escoitan todos esto,  
Convence ó mais pecador.

Cruzáronse os dous co coche,  
Na mesma man se atoparon,  
Como puido ser a cousa  
Que nin xiquera se rozaron.

Ou alguén fixo un milagre,  
Ou lle votou un responso,  
Ou senón é que o Silvano  
É como o Fernando Alonso.

Contoume a min don Odilo  
Non foron alucinacións,  
Saíulle unha voz dicindo  
Trata de encendelo, por díos!!

Esa voz que lle falaba  
Apareceulle como un flash  
E díxolle, segunda a fondo,  
Ojo lluvia, y a raaas...

-----

Pero aquí aínda temos xente  
Que se resiste a evolución  
E un de eses, compañeiros,  
É o Toño, o Percherón.

Comprou un carro de vacas,  
Pero non me cadra ben,  
Pra que raio quere o caro  
Se el as vacas non as ten.

Contáronme o outro día  
Ei onda do Lili  
Que xunguiu ó Caparros  
E ó Benito Gigí.

Ó parecer esta xugada  
Non ía como é debido  
E amarroulle a segadora  
Para tirar do maquinillo.

Alá vedes ó Percherón  
Con toda a parafernaria  
Facendo trompos co carro  
Nas pistas da parcelaría.

De mecánico o Caparrós,  
O Gigí de copiloto,  
E detrás coas asistencias  
Vai o Bexea coa moto.

Por camiños e carrouchos  
Andan facendo o animal,  
Calquera día ímolos ver  
No rally de Portugal.

En darlle as ferraduras  
Case me vexo obrigado  
Pra que así ó derrapar  
No marchen cara un valado.

-----

Desde esta terra galega  
Do fogar de Breogán  
Das danzas do Santo Cristo  
E das noites de San Xoán.

Das meigas, da Santa compañía  
Do vento tolo do nordés  
Da subasta das cachuchas  
Das orellas e dos pes.

Da matanza, da desfeita,  
Do bandullo e o viño novo  
Da rolda en noites de inverno  
Das castañas no tixolo.

Do sonar inconfundible  
Da gaita polo pinar  
Do compas da muiñeira  
E das chancas o pisar.

Daqueles contos de medo  
Das lareiras, dos escanos,  
Da xeadá á maña cedo  
Dos mouros e cristianos.

Do Adan e mais da Eva,  
Do Abraham e do Isaac  
Do ramo, a bica e o galo,  
Do San Benito en Matamá.

Das formigas, da morena,  
Do farrapo, do peliqueiro  
E deste Entroido amiguiños  
Que é o mellor do mundo enteiro.

Da forza das vosas gorxas  
Da maxia que inunda a praza  
Do berro que alzamos sempre,  
VIVA O ENTROIDO DE LAZA!!!

